

Limiar

Ana Isabel Boullón Agrelo

Este volume parte das conferencias lidas no Simposio *Antroponimia e lexicografía* organizado polo Instituto da Lingua Galega (USC) en 2016, coordinado por Ana Boullón coa moi eficaz cooperación de Sandra Beis Silva¹. Constitúe a continuación dunha serie de encontros comezados no ano 2000, coa colaboración desde o inicio do Consello da Cultura Galega.

O propósito desta edición foi ofrecer unha panorámica dos estudos lexicográficos sobre antroponimia (especialmente dos apelidos) poñendo atención nos principais proxectos que se están a desenvolver en Europa. Tratábase, pois, de comprobar como se enfrontaban os problemas comúns no estudo lexicográfico dos apelidos en territorios con características lingüísticas, demográficas, xeográficas e históricas moi diferentes: de que corpus partir? (isto é, abranguer todas as formas existentes no censo, con única limitación numérica ou partir dun criterio lingüístico), que información etimolóxica incluír? (directa ou remota), que outros datos son fundamentais para a comprensión cabal (e concisa) dun apelido? (documentación histórica, distribución xeográfica, aspectos xenealóxicos...). A maiores dos traballos que responden a estas cuestións, complementan o volume estudos que abordan aspectos máis particulares da onomástica persoal en Galicia.

A primeira das contribucións quere ter un papel inclusivo para proporcionar unha perspectiva románica. Dieter Kremer, impulsor do fértil proxecto europeo *PatRom*, expón as complexidades da pescuda onomástica, que, se ben parte da lexicografía, excede con moito os seus límites, posto que contén ademais un mundo motivacional ou simbólico que en moitos casos está ausente xa da lingua común.

O traballo de Patrick Hanks parte da súa experiencia como autor de varios dicionarios onomásticos, fundamentalmente, para o que aquí importa, de apelidos de Irlanda, Bretaña e os Estados Unidos. Estes territorios caracterízanse (Irlanda

¹ O comité científico estaba integrado por Emili Casanova (Univ. de València - Acadèmia Valenciana de la Llengua), Jean Germain (Univ. Catholique de Louvain), Antón Palacio (Univ. de Vigo), Elena Papa (Univ. di Torino), Stefan Rusthaller (Univ. Pablo de Olavide-Sevilla) e Antón Santamarina (ILG-USC).

en menor medida) por recibir achegas humanas variadas en grande proporción (especialmente os Estados Unidos), o cal dificulta o estudo dos apelidos polas posibles deformacións de que son obxecto ó longo da historia. O autor subliña a importancia do estudo da xeografía, da historia, a xenealoxía, a necesidade de documentación histórica, e a oportunidade coa que se conta actualmente por dispormos de bases de datos que permiten manexar millóns de rexistros con información histórica e moderna.

Alda Rossebastiano revisa os principais dicionarios de apelidos de Italia, un dominio lingüístico que gozou de bos antecedentes nos estudos onomásticos. Expón as características do grande proxecto *I nomi di persona in Italia*, dedicado a nomes de pía e a apelidos. O seu proxecto en marcha é o *Dizionario dei cognomi piemontesi*, que inclúe nas súas entradas, fundamentalmente, a categoría, o rango dos máis frecuentes, étimo, significado, documentación medieval, distribución xeográfica e referencias á emigración extraeuropea (circunstancia que é compartida polos apelidos galegos).

Consuelo García Gallarín, tamén membro do *PatRom*, aborda as zonas de confluencia entre antroponimia, toponimia e léxico común. Avoga por que nos dicionarios se consideren tanto a antroponimización do apelativo como a apelativización do nome propio, para arrequecer o estudo do nome propio en tódolos seus aspectos. Expón os diferentes modelos de lexicografía antroponímica e exemplifica con dous deonomásticos: *María* e *Maruja*.

A contribución de Ana Boullón supón en certa forma un elo entre os dous bloques de contidos, porque traza o deseño do *Diccionario dos apelidos galegos* (actualmente en preparación), isto é, entra xa na materia propiamente galega. Explícanse os criterios lexicográficos para a súa construción: escolla por razóns lingüísticas e de frecuencia, lemas, información etimolóxica, histórica e xeográfica. Algunha destas escollas son guiadas pola vontade estandarizadora, necesaria para a restitución da forma orixinal dos apelidos na súa ortografía moderna, pois unha certa porcentaxe deles están deformados por mor da situación sociolingüística de Galicia.

No segundo dos bloques do volume os estudos atenden a cuestións máis específicas dos apelidos galegos.

Gonzalo Navaza interpreta etimoloxicamente algúns apelidos de morfoloxía non aclarada ata o momento. A primeira das series que trata procede de diver-

sas formacións non usuais do xenitivo, por teren unha morfoloxía que non se axustaba ós patróns máis usuais (da segunda declinación latina). Nese caso están os topónimos e apelidos procedentes de *Thomas* (*Tomé / Santomé*), *Cosmas* (*Cosmede*), *Andreas* (*André / Santandré / Andrade*). Despois, trata *Cividáns*, *Cividás* (<CIVITATANOS) e finalmente, *Paraxó*, *Paraxuá* (<PETRARIÖLA).

Luz Méndez debrúzase nas influencias da gheada e do seseo nos apelidos, nun contexto diglósico como foi o da lingua galega nos últimos séculos. Explica, con abundancia de mapas e documentación histórica, as dificultades metodolóxicas para o seu estudo, porque as estratexias de adaptación ao castelán (ou de disfrace) destes dous fenómenos nos rexistros escritos foron variados e derivaron moitas veces na opacidade das formas. Tamén reflexiona sobre as vías para a estandarización deses apelidos deformados, complicada cando se dá a confluencia de apelidos semellantes (*Bugueiro / Buxeiro*, *Gamardo / Xamardo*) ou cando se descoñece a orixe etimolóxica e a documentación medieval non ofrece indicios abondos (*Aguís / Axís*).

Xosé María Lema leva anos facendo un percorrido minucioso pola historia da onomástica da parroquia rural de Berdoias. Neste caso estuda pormenorizadamente todos os apelidos existentes nos libros parroquiais durante o século XVII (os máis antigos que se conservan). Constitúe un exemplo metodolóxico da conciliación dos datos xenealóxicos cos históricos, xeográficos e lingüísticos, todos eles complementarios e necesarios. Grazas a eles constátase o papel da fidalguía na transmisión dos apelidos, as rutas migratorias intracomarcais e a progresión do proceso de castelanización.

O último dos estudos constitúe unha aproximación nova ó estudo dos apelidos. Valentina Formoso e Ana Iglesias aplican a técnica do grupo de discusión utilizada nos estudos sociais para indagar sobre as opinións e actitudes da xente nova diante dos nomes e dos apelidos galegos. Unha das pexas para a normalización dos apelidos é, de forma un tanto contradictoria, a tradición: dado o grande descoñecemento popular sobre a materia lingüística dos apelidos (aínda tendo en conta que os interrogados eran estudantes universitarios), concíbense os apelidos deturpados como as formas que os vinculan coa familia e, por tanto, co seu pasado. Ponse de relevo, logo, a importancia da información á poboación dos procesos de deformación do noso corpus antroponímico.

En definitiva, presentamos aquí algunhas das achegas máis interesantes que desde o punto de vista lexicográfico se están a dar no estudo da onomástica, especialmente dos apelidos. Evidentemente, cada un dos dicionarios antroponímicos analizados presenta características distintas, forzosamente adecuadas ó corpus lingüístico e social que representan. O exemplo máis extremo de diversidade é probablemente Estados Unidos, onde a gran maioría da poboación é foránea, desde logo en comparación cos territorios europeos. Tamén son diferentes os materiais informatizados (especialmente no que toca á documentación histórica e á distribución xeográfica) con que en cada área se pode contar, así como os obxectivos, o número de entradas e a planificación. En todo caso (e, en realidade, por todo isto), considero que as reflexións suscitadas nestes traballos contribuirán á planificación do estudo lexicográfico onomástico. Por outra parte, os aspectos particulares tratados sobre os apelidos galegos (de tipo metodolóxico, etimolóxico, socio-lingüístico, histórico, demográfico) darán nova luz para futuras aproximacións.

Ana Boullón

